

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Academia Galega de Seguridade Pública.

b) Data: décimo día natural contado desde o seguinte ao da finalización do prazo de presentación de proposicións. No caso de que o devandito día coincida en sábado ou festivo, a apertura de proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

c) Hora: trece (13.00) horas.

10. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do contratista adxudicatario.

A Estrada, 31 de outubro de 2008.

P.S. (Disposición primeira da Orde 31-1-2008
DOG nº 23, do 1 de febreiro)
María Isabel Durántez Gil
Directora xeral de Interior

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 28 de outubro de 2008 relativa ao proxecto sectorial do Corgo (Lugo), aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de xullo de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 199, do 17 de outubro).

Visto o expediente relativo ao proxecto sectorial do parque empresarial do Corgo (Lugo) e tendo en conta os seguintes,

Feitos.

Primeiro.-Con data do 14 de xullo de 2005 o Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto sectorial do parque empresarial do Corgo e declarou a utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do referido proxecto sectorial.

Con data do 17 de outubro de 2005 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 199, Resolución do 1 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se fai pública a aprobación definitiva do proxecto sectorial do parque empresarial do Corgo (Lugo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Segundo.-No apartado cuarto (normas particulares de cada zona) das ordenanzas para a execución do devandito proxecto sectorial establécese no punto 1 (solo industrial) o cadro de características da zona industrial. No dito cadro a tipoloxía de ordenación da zona 1 e 2 é a de adosada (entre medianeras, agrupada e pareada)/illada mentres que nas zonas 4, 5, 6, 7 e 8 é a de illada.

Segundo se constata dos datos de ocupación máxima das ordenanzas e do plano de edificabilidade faise necesaria a modificación da tipoloxía de ordenación das zonas 4, 5, 6, 7 e 8, resultando ser a tipoloxía de ordenación das devanditas zonas a de adosada (entre medianeras, agrupada e pareada)/illada.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A tenor do artigo 105.2º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En base ao que antecede a presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

RESOLVE:

Modificar o apartado cuarto (normas particulares de cada zona), punto 1 (solo industrial), das ordenanzas para a execución do proxecto sectorial do Corgo (aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 14-7-2005, DOG nº 199, do 17 de outubro) relativo á tipoloxía de ordenación das zonas 4, 5, 6, 7 e 8 establecida no cadro de características da zona industrial, de xeito que a tipoloxía de ordenación das zonas 4, 5, 6, 7 e 8 resulta ser a de adosada (entre medianeras, agrupada e pareada)/illada, segundo se desprende dos datos de ocupación máxima das ordenanzas e do plano de edificabilidade.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á data de publicación desta resolución, sen prexuízo da posibilidade de interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2008.

Mª Teresa Táboas Veleiro

Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 31 de outubro de 2008, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e ordinario, do servizo de vixilancia e seguridade AB-CHS1-08-056.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.